



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Concello de Mondoñedo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66958.

As obras solicitadas consisten na execución do "Anteproxecto de rehabilitación da antiga minicentral hidroeléctrica do río Tronceda" (fases II e III) con destino ao uso etnográfico; na zona de policía do río Tronceda, no predio con referencia catastral 27030A012017070000WQ; no lugar da Recadreira, na parroquia dos Remedios, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de xuño de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1609

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Roberto Rebolo Soto solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65345.

As obras solicitadas consisten no peche perimetral da parcela de referencia catastral 2932311PJ1323S0002JK, na zona de policía do rego da Ponte Grañolas, no lugar de Fondón, na parroquia de Magazos, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 31 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1610

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Calvo Calvo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.64433.

As obras solicitadas consisten na construción dun murete de mampostería duns 26,50 metros de lonxitude, nivelación do terreo nuns 220 metros cadrados e pavimentación da rampla de acceso ao garaxe, nas fincas de referencia catastral 8843412PJ0484S e 8843414PJ0484S, no lugar de Corva, na parroquia do Vicedo, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 31 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1611

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Castor Pérez Picallo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65332.

As obras solicitadas consisten no peche das fincas de referencia catastral 27063A022003000000YX, 27063A022003010000YI e 27063A022003020000YJ, na zona de policía do río Ferreira, no lugar de Camiño de Portela, na parroquia de Alaxe, no concello do Valadouro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Valadouro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 31 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1612

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 6 DE XUÑO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A SUPERIOR DE EDIFICACIÓNS E OBRAS, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A – SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, QUENDA LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018 (BOP 033, DE 8 DE FEBREIRO DE 2019)

“Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:

“Por Acordo da Xunta de Goberno de data 1 de febreiro de 2019, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso para a selección de 1 TÉCNICO/A SUPERIOR DE EDIFICACIÓNS E OBRAS, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, grupo A, subgrupo A1, polo sistema de concurso - oposición, quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2018 (BOP número 033, de 8 de febreiro de 2019).

As Bases Xerais que rexen a convocatoria foron publicadas no BOP nº 241, de 20 de outubro de 2017.

Por resolución da Presidencia de data 15 de maio de 2019 apróbase a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal Cualificador e as datas de constitución do Tribunal e do primeiro exercicio da fase de oposición.

Rematado o prazo de subsanación de erros e alegacións á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as o día 4 de xuño de 2019 (Base Xeral 8.3), aceptada a alegación presentada por un dos candidatos excluídos, Don David Álvarez Ferreiro, e vista a Base Xeral 8.4, propónse á Presidencia en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as ao proceso selectivo:

A.- ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME
1	ABELLEIRA SÁNCHEZ, PATRICIA
2	ÁLVAREZ FERREIRO, DAVID
3	ARIAS CHAO, SARA
4	BLANCO PUENTE, MARTA
5	CERREDA ÁLVAREZ, MARTÍN
6	DÍAZ RODRÍGUEZ, NOARA
7	EXPÓSITO GARCÍA, FERNANDO
8	FERNÁNDEZ CARRÍN, ANDREA
9	FERNÁNDEZ CONSTENLA, LUCÍA
10	GRANDE LAMELA, LILIANA
11	LÓPEZ SOTO, FÁTIMA
12	MERA ÁRIAS, ANA BELÉN
13	MONTERO GÓNZALEZ, MARÍA
14	NÚÑEZ FERNÁNDEZ, JENNIFER
15	OTERO OURO, ELISA
16	PUEYO VARELA, MANUEL
17	RODRÍGUEZ NOVO, MARTA
18	RODRÍGUEZ VAAMONDE, MARÍA DEL MAR
19	SALVADOR POTENTE, MARÍA DEL PILAR
20	SOBRAL VIÑAS, LUCÍA

B.- EXCLUÍDOS:

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
CAMESELLE SOUTO, ÓSCAR	Non acredita estar en posesión da titulación académica esixida ou equivalente (Base Específica 4)
IGLESIAS GONZÁLEZ, JAVIER	

2º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Taboleiro de Edictos desta Entidade e na súa páxina web.

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP; ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO: Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Pazo Provincial, 6 de xuño de 2019. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1665

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 1 de abril de 2019 da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou actuacións situadas en terreos de uso público e industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico. Expediente núm.: 367/2019, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

1.- ARTIGO ÚNICO

Modifícase o artigo 3 e se da unha nova redacción á disposición final.

“ARTIGO 3.- Cuota.

1.- A cuantía da taxa regulada nesta Ordenanza será a que resulte da aplicación da seguinte Tarifa:

EPIGRAFE	EUROS/DIA
1.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a tómbolas e similares. Por cada m.2 ou fracción	0,60
2.-Licenzas para a ocupación de terreos adicados a columpios, aparatos voadores, casetas de tiro, ou calquera clase de aparatos de movemento. Por cada m2 ou fracción	0,60
3.- Licenza para a ocupación de terreos destinados a teatros, circos e, en xeral, calquera clase de espectáculos. Por cada m2 o fracción	0,60
4.- Licenza para ocupación de terreos destinados á instalación de restaurantes, bares, pulperías, bodegóns e similares. Por cada m2 o fracción	0,60
5.- Licenza para a ocupación de terreos con camións ou vehículos para a venta de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, frutas, etc. Por cada m.2 o fracción: A superficie computable será a que realmente ocupe o vehículo, máis una franxa de terreno dun metro de anchura, paralela ó fronte da línea exterior ó mostrador ou instalación que se empregue para o uso ou servizo do público	0,60
6.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de chocolaterías, masa frita, patatas fritas, helados e algodón en doce. Por cada m.2 o fracción	0,60
7.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venta de turróns, rosquillas, doces, froitos secos, froitas e hortalizas, queixos, ovos, patacas e calquera outros produtos comestibles. Por cada m.2 ou fracción	0,60
8.- Licenzas para a ocupación de terreos, destinados á instalación de casetas ou postos para a venta de xoguetes, cerámicas, bisutería, e calquera outros produtos ou artigos non comestibles. Por cada m.2 ou fracción.	0,60
9.- Licencias para comercio de ropa, zapatería y similares, por m2 ou fracción.	0,60

2.- Mediante Resolución da Alcaldía e cando circunstancias non ordinarias o fagan aconsellable, tales como as derivadas das inclemencias do tempo e outras, poderase eximir do pago da taxa a todos os comerciantes ambulantes que coloquen os seus postos e se dispoñan ao exercicio da venta ambulante na data sinalada.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partires do día seguinte ó da devandita publicación.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenzarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 31 de xuño de 2019.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 1613

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 1 de abril de 2019 da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as administracións ou autoridades locais. Expediente núm.: 368/2019, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“ARTIGO 6.- TARIFAS

EPIGRAFE 1.-ANTECEDENTES, CERTIFICADOS E INFORMES:

1. Pola procura de documentos e antecedentes nos arquivos municipais:

- Ata catro anos de antigüidade: 0,50 € por folio.
- De mais de catro anos: 1 € por folio.

EPIGRAFE 2.-DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVICIOS DE URBANISMO Y VIAS PÚBLICAS:

1. Expedición de licenzas para parcelar ou segregar: 50 €
2. Certificado de innecesariedade de licencia para parcelar ou segregar: 50 €
3. Informacións ou certificacións urbanísticas: 50 €.
4. Expedientes sobre incoación ou non de expediente de reposición da legalidade urbanística ou sancionador: 60€.
5. Informe sobre emplacements, requisitos e límites que precise o exercicio dunha actividade económica: 50 €
6. Informes emitidos polo técnico municipal a instancia de parte: 50 €.
7. Expedientes de declaración de ruína: 90 €.
8. Por transmisión de licenzas urbanísticas: 100 €.
9. Por certificacións ou informes a incluír en expedientes de solicitude de subvención de rehabilitación, revocación, acondicionamento ou reconstrución de vivendas ou outras edificacións ou similares: 5 €.
10. Instrumentos de planeamento ou para a execución do planeamento de iniciativa particular: custe dos anuncios que sexa preceptivo publicar en diarios oficiais ou xornais.

EPIGRAFE 3.-DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVICIOS DE CONTRATACIÓN:

1. Pola formalización de contratos:
 - a. Contratos menores: gratuíto
 - b. Resto de contratos: 20 €.
2. Solicitude de devolución de garantías constituídas: 10 €
3. Bastanteo de poderes: 5 €.

EPIGRAFE 4.- DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVICIOS ECONÓMICOS:

1. Certificacións ou xustificantes de existencia ou non de débedas pendentes coa Administración municipal agás para a incorporación a expedientes de contratación ou de subvencións outorgadas polo Concello: 3 €.
2. Consultas e Certificacións catastrais: 15 €.

EPIGRAFE 5.-DEREITOS DE ACCESO A PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO salvo que deriven da execución de programas de fomento do emprego.

- Grupo A1 ou equivalente: 25 €
- Grupo A2 ou equivalente: 22 €
- Grupo C1 ou equivalente: 20 €
- Grupo C2 ou equivalente: 18 €
- Agrupacións profesionais ou equivalente: 16 €

EPIGRAFE 6.-COPIAS DE DOCUMENTOS.

1. Fotocopia en papel formato A-4
 - 0,10 € por folio.
2. Fotocopia en papel formato A-3, 0,20
3. Planos formato DIN A-O ou de folia completa do Plan Xeral en papel ou dixital 12 €.

Estos importes serán de aplicación cando se trate de copias en formato dixital.

Quedan excluídas as copias facilitadas aos interesados nun expediente administrativo.

EPIGRAFE 7.-OUTROS.

1. Envío de documentación por mensaxería: 10 €.
2. Autorizacións de uso de bens municipais de servizo público por menos de 30 días ou para a organización de conferencias, seminarios, presentacións e outros eventos, salvo que os organizadores sexan entidades públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro: 30 €
3. Licenzas ou autorizacións non previstas en epígrafes anteriores nin en ordenanzas fiscais específicas excepto para verbenas e bailes populares: 30 €.
4. Compulsa ou cotexo de documentos, que non acompañen a solicitudes que se presenten nos rexistros municipais:
 - 0,40 € por folio

Como consecuencia de todo o anterior se modifica o **artigo 8** relativo ao réxime de declaración e de ingreso que queda redactado como segue:

A taxa esixirase, segundo os supostos gravados, ou ben en réxime de autoliquidación a practicar en impreso que facilitará a administración municipal ou ben mediante a práctica de liquidación polo propio Concello.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenzarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 31 de maio de 2019.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 1614

CERVO*Anuncio*Información pública

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Cervantes, 31 de maio de 2019.- O alcalde en funcións, Benigno Gómez Tadin.

R. 1615

CHANTADA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 15/05/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 2º bimestre do exercicio 2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 15 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1617

O CORGO

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 24 de maio de 2019, aprobou inicialmente o Regulamento de Réxime Interno do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Corgo.

De conformidade co establecido no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello expón ó público o citado regulamento, durante un prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

O devandito prazo contarase a partir do día da súa publicación no BOP.

O Corgo, 30 de maio de 2019.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González.

R. 1616

LOURENZÁ

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto desta Corporación correspondente ó exercicio do 2018 e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Entidade por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción de presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, con fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os oito días seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212 do R. D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 116 da Lei 7/85 de 2 de abril e 460.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Lourenzá, 4 de xuño do 2019.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 1650

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por acordo plenario, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de abril de 2019, aprobouse definitivamente o establecemento do servizo de xestión directa de centro de día para persoas maiores de Ribeira de Piquín, o que se publica aos efectos do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTABLECEMENTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DIRECTA DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE RIBEIRA DE PIQUÍN.”

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposta da alcaldía relacionada con este punto da orde do día e que se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tendo interese na mellora constante da calidade de vida dos seus veciños e co obxecto de facilitar e garantir a prestación dos servizos sociais básicos, este Concello considera que resulta conveniente e necesario prestar o servizo público de xestión directa do Centro de Día de Ribeira de Piquín.

Tendo en conta que a maioría da poboación de feito do Concello de Ribeira de Piquín é unha poboación cunha idade de máis de 65 anos, que moitas destas persoas maiores viven soas e en zonas dispersas, faise necesario que esa poboación conte con recursos axeitados ás súas necesidades e que poidan garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

Estes datos, e outros moitos relacionados, resultan decisivos para implementar medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e á consecución deses obxectivos de benestar e calidade de vida, os cales suponen unha prioridade fundamental para este concello, constatando que as condicións para garantir a

eficiencia, equidade e calidade da prestación do servizo de centro de día quedarían cumpridas en maior medida coa xestión directa do servizo.

Á vista do artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e posto que non se trata dunha competencia propia nin delegada, haberá que acreditar no expediente que non se pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal e que non se incorre nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública, o cal se entende que queda acreditado á vista das resolucións seguintes:

Resolución do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 14 de xullo de 2017, con rexistro de entrada neste concello de data 21/07/2017, R.E. núm. 435, pola que se concede a esta Entidade Local autorización administrativa para a creación do centro de servizos sociais Centro de Día para Persoas Maiores de Ribeira de Piquín.

-Resolución do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 19 de outubro de 2018, con rexistro de entrada neste concello de data 29/10/2018, R.E. núm. 530, pola que se concede a esta Entidade Local autorización administrativa de inicio de actividades do centro de servizos sociais Centro de Día para Persoas Maiores de Ribeira de Piquín.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2018/205, de data 27 de novembro, aprobouse a creación da Comisión de estudo encargada de elaborar a Memoria xustificativa da prestación do servizo de xestión directa do centro de día para persoas maiores, á que acompaña proxecto de Regulamento do citado servizo.

Visto que a Comisión de estudo se constituíu formalmente en data 29 de novembro de 2018, comezando os traballos de elaboración e acordando a entrega dos traballos nun prazo máximo de 15 días.

Visto que con data 3 de decembro de 2018, finalizáronse os traballos de elaboración da Memoria e o proxecto de Regulamento de servizo, e entregáronse á Corporación para a tramitación correspondente.

Visto que con data 3 de decembro de 2018 se emitiu informe de Intervención valorando a sustentabilidade financeira da prestación do servizo de conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Visto que con data 7 de decembro de 2018, o Pleno deste concello acordou tomar en consideración a Memoria xustificativa da prestación do servizo público de xestión directa do centro de día para persoas maiores de Ribeira de Piquín.

Considerando que durante o período de exposición pública da dita memoria xustificativa non se presentou alegación algunha, acreditado por medio de certificado de Secretaría de data 27/03/2019, e de conformidade co artigo 97.1.c) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e o artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Memoria xustificativa da prestación do servizo de xestión directa do centro de día para persoas maiores de Ribeira de Piquín.

SEGUNDO. Aprobar o establecemento e a prestación polo Concello de Ribeira de Piquín do servizo público de centro de día para persoas maiores.

TERCEIRO. Dispor que o servizo establecido se preste mediante a forma de xestión directa.

CUARTO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-presidente para a adopción e xestión de tódolos trámites derivados do presente acordo."

O Sr. Alcalde explica o contido da proposta.

Seguidamente, o Pleno acorda por unanimidade, co voto dos concelleiros asistentes á sesión, aprobar a proposta de alcaldía en tódolos seus termos."

Ribeira de Piquín, a 27 de maio de 2019.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1618

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018 co informe da Comisión Especial de Contas por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación

para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Ribeira de Piquín, a 23 de maio de 2019.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1619

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 26 de abril de 2019, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 1º TRIMESTRE DE 2019**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fixanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de maio de 2019 ó día 30 de xuño de 2019, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, a 23 de maio de 2019.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 1620

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de abril de 2019, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2019, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 23 de maio de 2019.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 1621